

I Torneo Futbol Senior

CAMIÑO DE SANTIAGO

Campo de Futbol Sergas "San Lázaro"

12 de Outubro

2013

Premios:

1º Clasificado:

Trofeo + 100€ en material deportivo

2º Clasificado:

Trofeo + 50€ en material deportivo

Mas info en: www.advsantiago.com

ADV Santiago Tlf. 673 158 280

Colabora:

Organiza:



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



CONCELLO DE
SANTIAGO



INSCRIPCIÓN GRATUITAS

RECOLLIDA E ENTREGA DE INSCRIPCIÓN DE LUNS A XOVES, E FECHA LIMITE XOVES 10 DE OUTUBRO

Departamento de Deportes Concello de Santiago (Estadio Campo de Futbol San Lázaro Porta Nº1) de 09:00h a 14:00h

Agrupación de Deportistas Veteranos Santiago (República Arxentina Nº3-1ºB de 19:30h a 21:30h)

Só recóllense as inscricións Impresas e con rexistro de entrada nas direccións arriba indicadas non se admiten inscricións por correo electrónico

I Torneo Futbol 7 - Senior
CAMIÑO DE SANTIAGO
Campo de Futbol Sergas - San Lázaro

12 de Outubro

NOTAS:

- **RECOLLIDA E ENTREGA INSCRIPCIÓNS:** (Dende Luns a Xoves)

- Departamento de Deportes Concello de Santiago de 09:00 a 14:00 Horas
(Estadio Campo de Futbol San Lázaro. Porta Nº -1)
- Agrupación Deportistas Veteranos Santiago de 19:30 a 21:30 Horas
(República Arxentina Nº -3 -1º-B - Santiago)

Tamén poderedes descargar a información do Torneo Futbol 7 - Camiño de Santiago en Paxina Web - WWW.ADVSANTIAGO.COM no Taboleiro Futbol Campo.

Só recóllense as Inscripcións Impresas e con rexistro de entrada nas direccións arriba indicadas (non se admiten inscricións por correo electrónico).

- **LIMITE INSCRIPCIÓN:** XOVES 10 DE OUTUBRO 2013 ATA AS 14:00 Horas

- **SORTEO GRUPOS:** XOVES 10 DE OUTUBRO 2013
20:00 Horas en Sitio a Determinar (Publicarase na Páxina Web)

- **MAX. XOGADORES:** 15 xogadores EQUIPO de 18 anos en diante.

- **MAX. EQUIPOS INSCRITOS:** 16 EQUIPOS POR ORDE DE ENTRADA.

- **INFORMACIÓN - CONTACTO:**

ADV SANTIAGO ESTEBAN (673 15 82 80)

INSCRIPCIÓN GRATUÍTA

PREMIOS:

1º CLASIFICADO (Trofeo + Bono 100 € en Material Deportivo)

2º CLASIFICADO (Trofeo + Bono 50 € en Material Deportivo)

Colaboración:



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Organización:



I Torneo Futbol 7 - Senior
CAMIÑO DE SANTIAGO
Campo de Futbol Sergas - San Lázaro

12 de Outubro

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

1. Nome do Equipo:

CLUBE: _____

DIRECCIÓN: _____

LOCALIDADE: _____

MÓBIL: _____

E-MAIL: _____

2. Delegado do Equipo:

NOME E APELIDOS: _____

MÓBIL: _____

E-MAIL: _____

Asinado:

Nota:

Quen asina afirma coñecer o regulamento de xogo do torneo, comprometendose a cumprilo e darle traslado ao resto de integrantes que forman o equipo.

A organización reservase o dereito de variar, corrixir ou emendar calquera circunstancia ou situación anómala que non estivese contemplada nin mencionada tanto no regulamento coma no calendario. A organización queda totalmente excluída de toda responsabilidade en canto aos diferentes prexuízos ou lesións que na participación do torneo poida ocasionar aos inscritos.

Colaboración:



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Organización:



I Torneo Futbol 7 - Senior
CAMIÑO DE SANTIAGO
Campo de Futbol Sergas - San Lázaro

12 de Outubro

NOME DO EQUIPO:

DIRECCIÓN DE CONTACTO:

CAPTAN - NOME:

APELIDOS:

D.N.I:.....TELEFONOS:.....

XOGADORES

Nº	APELIDOS	NOME	D.N.I	DATA DE NACEMENTO	IDADE
1					
2					
3					
4					
5					
6					
7					
8					
9					
10					
11					
12					
13					
14					
15					

Asinado:

Declaración do Responsable de Equipo:

Os integrantes que figuran no presente formulario participan de forma voluntaria e aceptan as normas de competición.

Colaboración:



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Organización:



REGULAMENTO DE COMPETICIÓN

Torneo Futbol 7 - Senior

CAMIÑO DE SANTIAGO

ARTIGO 1º. -

Cando nesta especialidade sexan 16 equipos os inscritos, realizaranse ligullas previas formándose:

- a) 4 grupos de 4 equipos, para 16 inscritos Xogándose polo sistema de todos contra todos, a un solo partido.
- b) O balón utilizado será o número 4.

ARTIGO 2º. -

Os partidos comprenderán dous tempos de 20 minutos cada un (tanto en fase previa coma en fase final), quedando entendido:

- a) O árbitro deberá engadir a cada período de tempo que estime, que fose perdido, ao sacar de campo a xogadores lesionados, consecuencia de substitucións, perda de tempo ou outras causas.
- b) O descanso entre os dous tempos non poderá exceder dos 5 minutos.
- c) Os partidos finais de ligulla previa de cada grupo, intentaranse xogar á mesma hora.

ARTIGO 3º. -

Na ligulla previa, concederanse 3 puntos ao equipo vencedor, 0 puntos ao perdedor e 1 punto a ambos os dous equipos en caso de empate a goles.

ARTIGO 4º. - Desempates ligulla previa

Se a competición se celebre a unha volta e o empate a puntos, na clasificación final, se producise entre dous ou máis clubs, resolverase:

- a) Pola maior, diferenza de goles obtidos e recibidos, tendo en conta todos os encontros do campionato
- b) Polo maior número de goles marcados, tendo en conta todos os conseguidos na competición.
- c) Polo menor número de goles encaixados.
- d) Polo resultado do partido xogado entre eles.
- e) Pola deportividade: Resolverase, o ou os desempates, a favor do equipo que dentro da ligulla obtivera o menor número de tarxetas vermellas. Se persistise o empate, resolverase a favor do equipo que contabilizare o menor número de tarxetas amarelas.
- f) Polo cómputo de idade: Sairá vencedor o club que compute a maior idade, resultante de sumar todas as idades dos xogadores que fosen aliñados en todos dos encontros disputados.

Colaboración:



Organización:



ARTIGO 5º. -

Un partido de eliminatoria directa comprenderá dous tempos de 20 minutos cada un. Se ao termo indicado conclúe en empate, procederase a unha serie de lanzamentos dende o punto de penalti de tres por cada equipo, alternándose un e outro na execución daqueles, logo de sorteo para designar quen comeza e intervindo intervindo futbolistas distintos ante unha portería común. O equipo que consiga máis tantos será declarado vencedor. Se ambos os dous contendentes obtivesen o mesmo número, proseguirán os lanzamentos, en idéntica orde, realizando un cada un, precisamente por xogadores diferentes aos que interviñeron na serie anterior, ata que, efectuando ambos os dous igual número, un deles marque un tanto máis.

ARTIGO 6º. -

En cada partido poderán ser inscritos na acta un máximo de 15 xogadores e un mínimo de 6, podendo ser substituídos tantas veces como se considere necesario.

ARTIGO 7º. -

Se á hora prevista para iniciar o partido, non se achan en disposición de comezar o encontro, un mínimo de 6 xogadores por equipo, o árbitro pechará a acta por **INCOMPARECENCIA** do equipo que non reúna este requisito.

ARTIGO 8º. -

Se durante o partido por expulsións ou lesións, un equipo queda con menos de 6 xogadores no terreo de xogo, o árbitro dará o partido por finalizado por inferioridade numérica.

Para os efectos de resultados e clasificacións, se o equipo que queda con menos de 6 xogadores vai perdendo, darase como válido o resultado habido ata aquel momento sempre que haxa unha diferenza de 3 goles. Se vai gañando ou empatando, se dará vencedor ao equipo contrario polo resultado de 3-0.

ARTIGO 9º. -

Os DNI dos xogadores de cada equipo, serán presentados ao colexiado do encontro obrigatoriamente, como mínimo con 15 minutos de antelación ao inicio do partido. Salvo no caso do atraso que serán entregadas ao Colexiado no mesmo momento de chegar ás instalacións deportivas, sen excederse do tempo de cortesía (10 minutos). No suposto atraso, aplicarase o (Artigo 3, apartado d) do Regulamento do Comité de Competición, que indica:

Tanto o delegado de ORGANIZACIÓN, como o árbitro do encontro, deberán forzar os clubs para que nun partido, con serias dúbidas de celebración, se dispute e, a liña seguida, será o Comité de Competición quen ditamine sobre a legalidade ou non do mesmo.

Colaboración:



Organización:



ARTIGO 10º. -

Calquera equipo poderá solicitar ao árbitro, que realice revisión de DNI para verificar a identidade dos xogadores. Esta revisión poderá solicitarse e realizarse antes do inicio do partido, durante o descanso ou ao final deste.

Ningún xogador poderá abandonar as instalacións ata que esta revisión sexa realizada. De non se cumprir o devandito requisito tomarase como aliñación indebida. As inspeccións de fichas e os cambios de xogadores poderán solicitalos o representante ou delegado do equipo (Artigo 3, apartado c, do Regulamento de Competición)

ARTIGO 11º. -

Todos os partidos serán dirixidos por un árbitro.

ARTIGO. 12º.-

A ORGANIZACIÓN, dos Campionatos facilitará balóns (nº 4) a cada equipo para a celebración dos partidos oficiais, en cada cancha.

ARTIGO 13º. -

As regras de xogo pola que se rexerán estes Campionatos son as actuais en cada momento da Real Federación Española de Fútbol 7; destacando as seguintes normas:

O fútbol 7 respecta ao máximo as regras de fútbol 11, agás os seguintes puntos:

• Terreo de Xogo

Será de herba artificial ou céspede, cunhas dimensións máximas de 90 X 60 metros e mínimas de 55 X 35 metros. As porterías terán unha medida de 2 x 6 metros.

• Área de Penalti e Zona de Fora de Xogo

En cada extremidade do terreo e a 13 metros de distancia de cada liña de meta, trazarase unha liña paralela á portería e unirase nos seus extremos á liña de banda. Á superficie comprendida entre a liña de 13 metros e a liña de meta conformará a área de penalti. (Salvo excepción que se atopasen pintadas as liñas perpendiculares ás liñas de 13 metros e meta que delimitarían o final da área penalti) **EN NINGUNHA ZONA DO CAMPO APLICARASE A REGRA DO FOSE DE XOGO.**

• Número de Xogadores

O partido será xogado por dous equipos compostos cada un por 7 xogadores, dos cales un será gardameta. No partido pódense presentar, ademais 8 suplentes, os cales poden entrar no terreo de xogo en calquera momento do partido, e despois de que o xogador a quen substitúa abandonara o terreo de xogo, sempre polo centro do campo. Os xogadores substituídos poden volver participar no xogo. Non se permitirá o xogo con menos de 6 xogadores por equipo. Non se permitirá inscribir máis de 15 xogadores, e por partido.

Colaboración:



Organización:



- **O Penalti.**

O punto de execución de penalti situarase a 9 metros da liña de meta. Os xogadores deberán estar no interior do campo de xogo, pero fóra da liña de 13 metros, salvo o xogador que vai lanzar o penalti, debidamente identificado e o porteiro adversario.

- **Tiros Libres.**

Todos os tiros libres son directos, agás as faltas que se produzan dentro das áreas de penalti, nas cales se aplicará o regulamento da Asociación Española de Fútbol 7. Todos os xogadores do equipo contrario deben estar nunha distancia mínima de 6 metros.

- **Saque de Banda**

Concederase un saque de banda: Cando o balón atravesase enteiramente as liñas laterais, sexa polo chan ou polo aire, o seu retorno ao terreo de xogo farase mediante un lanzamento coas mans dende o lugar exacto onde saíu o balón, e polo xogador do equipo contrario a aquel que o tocou por última vez. En caso de ser cedido ao porteiro do seu propio equipo este non poderá coller o balón coas súas mans; en caso de facelo sancionarase un tiro libre indirecto cunha distancia mínima de 6 metros. Cara á portería defendida polo porteiro e no lugar máis próximo a onde cometese a devandita infracción.

- **Tarxeta Amarela**

Serán acumulativas nos distintos partidos durante a fase regular de cada torneo. O xogador que acumule 4 tarxetas nun mesmo torneo deberá cumprir un partido de suspensión. En fase play/off ou copa non se acumularán.

- **Tarxeta Vermella**

O xogador que a reciba deberá abandonar o encontro inmediatamente e o seu equipo poderá replazarlo por outro xogador. Ademais sancionarase o xogador imposibilitándoo a participar o próximo encontro que o seu equipo xogue (en caso que o árbitro interpretase unha agresión física fose do lance do xogo poderá mostrarlle a tarxeta vermella co que ese xogador será expulsado e non poderá ser substituído) **SALVO QUE O COMITÉ ESTIME QUE DEBERÁ ESTAR IMPOSIBILITADO A PARTICIPAR DURANTE MAIOR CANTIDADE DE ENCONTROS.**

ARTIGO 14º. -

Todos os equipos están obrigados a levar ao Campionato dous uniformes distintos, o oficial e o de reposto. De coincidir deberá cambiar o equipo que estea en segundo lugar no cadro técnico de partidos.

Asinado:

NOTA. - A organización reservase o dereito de variar, corrixir ou emendar calquera circunstancia ou situación anómala que non estivese contemplada nin mencionada tanto nas normas coma no calendario. A organización queda totalmente excluída de toda responsabilidade en canto aos diferentes prexuízos ou lesións que na participación do torneo poida ocasionar aos inscritos.

Colaboración:



Organización:



I Torneo Futbol 7 - Senior CAMIÑO DE SANTIAGO Campo de Futbol Sergas - San Lázaro

12 de Outubro

GRUPO A	GRUPO B	GRUPO C	GRUPO D
1	5	9	13
2	6	10	14
3	7	11	15
4	8	12	16

CLASIFICAN OS 2 PRIMEIROS DE CADA GRUPO

1-FASE

CAMPO 1

09:00	1-2
09:45	5-6
10:30	9-10
11:15	13-14
12:00	1-3
12:45	5-7
13:30	9-11
14:15	13-15
15:00	1-4
15:45	5-8
16:30	9-12
17:15	13-16

CAMPO 2

09:00	3-4
09:45	7-8
10:30	11-12
11:15	15-16
12:00	2-4
12:45	6-8
13:30	10-12
14:15	14-16
15:00	2-3
15:45	6-7
16:30	10-11
17:15	14-15


2-FASE - FINAL

18:15	¼ Final 1º-A -2º-C	Campo 1
18:15	¼ Final 1º-D -2º-B	Campo 2
19:00	¼ Final 1º-B -2º-D	Campo 1
19:00	¼ Final 1º-C -2º-A	Campo 2

Campo 1

20:00	½ Final Vencedor 1-a - 2-C & Vencedor 1-D - 2-B
	Campo 2
20:00	½ Final Vencedor 1-B - 2-D & Vencedor 1-C - 2-a

21:00 **FINAL TORNEO**



Colaboración:



Departamento Municipal de Deportes de Santiago



Organización:

